

RESOLUCIÓN DO 28 DE XULLO DE 2009 POLA QUE SE PROCEDE Á PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 12 DE XANEIRO DE 2009 POLA QUE SE ANUNCIA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS ÁS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O ANO 2009

O Presidente do Consello de Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais ditou resolución das subvencións concedidas na modalidade A, subvencións á actividade escénica, ao abeiro da ***Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2009.***

A base novena da Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2009 establece que “no prazo máximo de tres meses contados dende a data da resolución publicárase no Diario Oficial de Galicia, e será inserido igualmente na páxina web da Axencia, a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Pola presente Resolución procédese a facer efectiva a publicación da concesión das subvencións citadas.

Na súa virtude,

RESOLVO:

1. Ordenar a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da relación de beneficiarios de subvencións da modalidade A, convocadas por Resolución do 12 de xaneiro de 2009 que figura no anexo a esta resolución, con cargo á partida orzamentaria 12.A1.432B.770.0 do exercicio de gastos da Agadic, previstos inicialmente para o vixente período orzamentario, coa contía máxima de 1.450.000 euros. Esta contía está recollidas na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. A súa notificación ás persoas adxudicatarias da subvención cursarase no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da súa adopción.

2. Os solicitantes que non aparecen no devandito anexo deberán entender desestimadas as súas solicitudes, segundo establece o parágrafo terceiro da cláusula novena da ***Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2009.***

3. A resolución de concesión de subvencións ditada é definitiva na vía administrativa, consonte a Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela cabe interpor Recurso de reposición ante a Presidencia do Consello de Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende

o día seguinte á data da súa publicación no DOG ou o da súa notificación e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos arts. 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2009

Juan Carlos Fernández Fasero
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO

A1. Subvencións á nova creación

Javier Fernández Martín	12.000,00 €
Nut Teatro S.L.	12.000,00 €
Isabel Martínez-Risco Valdivieso	24.000,00 €
Uxía Pereiro Vaello	15.000,00 €
Marta Pazos Antas	12.000,00 €
Acontrabutaca S.L.	24.000,00 €
Por Que Si Productions	12.000,00 €
Alejandro Sampayo	20.000,00 €
Diego Freire	12.000,00 €
Onfalo Teatro sl	12.000,00 €
Teatro Ensalle	12.000,00 €
Elefante Elegante	12.000,00 €
Marta Pérez	12.000,00 €
Carlos Lugilde	12.000,00 €
Total	203.000,00 €

A2. Subvención a compañías residentes

Sarabela Teatro	80.000,00 €
Teatro do Morcego	80.000,00 €
Teatro de Ningures	80.000,00 €
Cabo Sam Lourenzo	80.000,00 €
Total	320.000,00 €

A3a. Subvencións á actividade escénica de nova produción no ámbito do teatro

Teatro do Noroeste, S.L.	42.151,17 €
Teatro do Atlántico, S.L.	38.745,02 €
Teatro del Andamio, S.L.	38.745,02 €
Berrobambam, S.L.	37.680,59 €
Os Quinquilláns (Gabriel Penabade Outeiro)	37.467,71 €
Fulano, Mengano e Citano	36.403,28 €
Lagarta Lagarta, S.L.	35.445,30 €
Pistacatro, S.L.	34.487,32 €
Ancora Prod., S.L.	33.848,67 €
Total	334.974,08 €

A3b. Subvención á actividade escénica de continuidade no ámbito do teatro

T. Alla Scala 1.5 S.L.	24.744,92 €
Teatro Lope de Vigo	15.510,60 €
Viravolta, S.C.	13.500,00 €
Produccións Teatrais Excéntricas	36.000,00 €
Kukas Produccións Artísticas	38.080,00 €
Matarile Teatro	74.100,00 €
A Factoría Teatro	40.500,00 €
Espello Cóncavo Teatro S.L.	21.790,40 €
Teatro Galileo	27.000,00 €
Títeres Cachirulo	31.200,00 €
Encena	24.000,00 €
Talía teatro	38.400,00 €
Total	384.825,92 €

A4a. Subvención á actividade escénica de nova produción no ámbito da danza

Olga Cameselle Estévez	36.670,42 €
Pisando Ovos SC	32.845,89 €
Estefanía Vázquez Seoane	30.483,69 €
Total	100.000,00 €

A4b. Subvencións á actividade escénica de continuidade no ámbito da danza

Trintaetrés SC	16.200,00 €
Branca Novo Rey	16.200,00 €
Ballet Estudio	24.800,00 €
Total	57.200,00 €

A5. Subvencións á actividade escénica no ámbito da maxia

Héctor García Guerra	30.578,50 €
Martín Camiña Serén	19.421,50 €
Total	50.000,00 €